

ACTA DO XURADO DO CONCURSO DE ANTEPROXECTOS PARA A REHABILITACIÓN DO ANTIGO CINE “PARÍS” DO CONCELLO DE MUROS

Muros, 13 de setembro de 2011.

Na Casa Consistorial do Concello de Muros, baixo a presidencia do Sr. concelleiro D. Manuel Bartolomé Freire Eiras (por delegación da Sra. alcaldesa, D^a. Caridad González Cerviño), e coa asistencia dos vogais que se relacionan a continuación:

- D. José Manuel Rey Pichel: Director Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo;
- D^a. Ana María Rodríguez Alcalá: arquitecta designada pola Xunta de Goberno do COAG;
- D. Carlos Quintáns Eiras: arquitecto designado en 3^o lugar polos concursantes, dado que os propostos en 1^o e 2^o lugar declinaron formar parte do xurado;
- D. José Antonio Comesaña García: arquitecto designado polo Concello de Muros.

Actúa como secretario do xurado o do Concello de Muros, D. José Manuel González García.

1.- CONSTITUCIÓN DO XURADO.

Reunidos tódolos vogais e asistindo os Sres. presidente e secretario do mesmo ou quen legalmente os substitúen, constitúese validamente o xurado do Concurso de anteprojectos para a rehabilitación do antigo Cine “París” do Concello de Muros.

2.- FALLO DO CONCURSO.

a) Contexto.

O Concello de Muros adquiriu recentemente o emblemático edificio do Cine “París” coa finalidade de dotar ao conxunto histórico de Muros dun equipamento público destinado a usos culturais.

Nun contexto de fortes restriccións orzamentarias, pero sen renunciar ao logro dunha proposta orixinal e respectuosa co entorno urbano que dote á vila dun equipamento senlleiro, o concello convocou o Concurso de anteprojectos para a rehabilitación do antigo Cine “París”.

b) Propostas presentadas.

Durante o prazo establecido para a presentación de traballos, de conformidade co establecido pola base 6ª das que rexen o concurso, concorreron as seguintes (identificadas polos seus lemas):

1. ENTREMUROS.
2. 348BCDO
3. EL AÑO D ELAS LUCES
4. ENTREVISILLOS
5. 4 DECISIONES PARA 4 CONDICIONES
6. COMICOS011
7. SIEMPRE NOS QUEDARA PARIS...
8. DE CATRO A CATRO
9. CANDILEJAS
10. TABLAS
11. MUTE
12. TEXAS
13. MUROS DE CINE
14. EN VOLVETE
15. ENTRE LAS SOMBRAS DE LOS SOPORTALES SE DIFUMINABA MI INSOLUBLE BULTO.
16. BALEA
17. EN CAIXAS
18. BIOMBO
19. BARRIO DE CINE
20. LA SALA SOPORTAL
21. CINEMA PARADISO
22. MULTI-USOS

- 23.NAMESTI
- 24.OLLANDO A MEIXIDE
- 25.ESCENA 005
- 26.INXOLA
- 27.3ª CO-6-4322
- 28.FOTOGRAMA
- 29.P31X3
- 30.LOURO
- 31.CRISALIDA
- 32.EPIDERMI-MBRE
- 33.SESION ABERTA
- 34.VARIACIONES GOLDBERG
- 35.OR251
- 36.VIMBIO
- 37.M41N4
- 38.NO RENDER
- 39.PROTESIS
- 40.SORUM
- 41.SCAPELLUM
- 42.EL CONCEPTO ES EL CONCEPTO
- 43.NI UNO MENOS
- 44.MOBY DICK
- 45.TRES EN UN
- 46.PAXAREIRA
- 47.PIMPINELA
- 48.UNA CORONA PARA UN VIEJO CINE
- 49.OH LA LA!
- 50.CULTURAL PARIS
- 51.APLIAR
- 52.REHABILITACION HACIA LA RIA
- 53.CINEPARIS 2.0
- 54.DIOGENES PUGILATOR
- 55.ESCENOTELO

56. RECORRIENDO PARIS

57. VÉRTIGO

58. PARAFUSO

59. CINEMA PARADISO 3.0

c) Traballos pre- finalistas.

O xurado, por unanimidade dos seus membros, acordou realizar unha primeira selección dos traballos presentados, excluindo a aqueles cuxa proposta arquitectónica non se adecúa á normativa urbanística aplicable, non obstante o seu innegable valor, e que foron os seguintes:

FOTOGRAMA; PEIXE; LOURO; NO RENDER; MOBY DICK; CULTURAL PARÍS; CINEPARÍS 2.0; ENTRE LAS SOMBRAS DE LOS SOPORTALES SE DIFUMINABA MI INSOLUBLE BULTO; LA SALA SOPORTAL; NAMESTI; CÓMICOS 011; BARRIO DE CINE; MULTIUSOS; UNA CORONA PARA UN VIEJO CINE.

Nunha segunda fase, por unanimidade dos seus membros, o xurado acordou excluír a aqueles traballos que, reunindo méritos abondo doutro tipo, presentaban propostas menos funcionais, e que foron os que se indican a seguir:

ENTREMUROS; TABLAS; EPIDERMIMBRE; OR 251; PIMPINELA; SORUM; EL CONCEPTO ES EL CONCEPTO; OH LA LA; DIOGENES PUGILATOR.

d) Traballos finalistas.

Despois da preselección efectuada, e mediante un procedemento de elección por cada membro do xurado con dereito a voto dun máximo de tres traballos, resultaron finalistas as propostas presentadas baixo os seguintes lemas:

MUTE; VIMBIO; PAXAREIRA; ESCENOTELO; ENTREVISILLOS; ESCENA 005; 3ª CO-6-4322.

e) Avaliación dos traballos finalistas.

Os criterios de avaliación dos traballos recóllense na base 4ª, parágrafo “facultades do xurado” das que rexen o concurso, sendo os seguintes:

A.- A funcionalidade da proposta e relación co entorno (ata 20 puntos);

B.- A calidade e sustentabilidade da proposta (ata 20 puntos);

C.- A adecuación ao programa de necesidades (ata 20 puntos);

D.- O cumprimento da normativa de aplicación (ata 20 puntos);

E.- A viabilidade do límite económico (ata 20 puntos).

Por unanimidade dos seus membros, o xurado acorda outorgarlle as seguintes puntuacións aos traballos finalistas:

Lema	A	B	C	D	E	TOTAL
ENTREVISILLOS	20	20	15	20	20	95
MUTE	20	15	15	17	15	82
ESCENOTELO	15	15	15	20	15	80
ESCENA 005	15	15	15	15	15	75
VIMBIO	15	15	15	15	10	70
PAXAREIRA	15	10	15	10	15	65
3ª CO-6-4322	15	15	10	15	10	65

Á vista das puntuacións outorgadas, e por unanimidade, o xurado acorda:

1º.- Propor o outorgamento do primeiro premio ao traballo presentado baixo o lema ENTREVISILLOS por ofrecer, dentro do estreito marco delimitado polo Plan Especial do Conxunto Histórico da Vila de Muros e pola obrigada contención orzamentaria á que debían cingirse as propostas, unha solución que destaca pola súa orixinalidade e polas múltiples posibilidades de uso que permite. E todo iso ao tempo que se ofrece unha solución sobria e plenamente integrada nun entorno sensible como é o conxunto histórico da Vila de Muros.

2º.- Propor o outorgamento do segundo premio ao traballo que acudiu ao concurso co lema MUTE, por acoller con mestría e sensibilidade as liñas esenciais que habían de guiar as propostas dos concursantes.

3º.- Propor o outorgamento de dous accésits aos traballos que concorreron cos lemas ESCENOTELO e ESCENA 005, polas súas destacadas propostas nun eido de tanta dificultade como a rehabilitación de edificios históricos.

4º.- Outorgar tres mencións ás propostas presentadas baixo os lemas VIMBIO, PAXAREIRA e 3ª CO-6-4322 por canto se trata de tres anteproxectos que destacan de modo singular entre o conxunto dos presentados.